

Convocatoria e bases da tramitación e concesión, de subvencións para o financiamento de explotacións agrícolas, gandeiras ou forestais profesionais e de microempresas agroalimentarias para a realización de investimentos en infraestruturas, instalacións e equipamentos destinados á posta en marcha de experiencias turísticas, ligadas ao agroturismo, nas súas instalacións e explotacións, durante o ano 2026. Instituto Ourense de Desenvolvemento Económico (Inorde). BOP Ourense 50, 16/03/2026.

Obxecto e finalidade

O obxecto destas bases é regular a tramitación e concesión de subvencións para o financiamento de explotacións agrícolas, gandeiras ou forestais profesionais e de microempresas agroalimentarias para a **realización de investimentos en infraestruturas, instalacións e equipamentos destinados á posta en marcha de experiencias turísticas, ligadas ao agroturismo**, nas súas instalacións e explotacións, durante o ano 2026.

Estas axudas regularanse a través do procedemento de **concorrenza competitiva**.

Cada entidade interesada presentará **un único proxecto** relativo a unha acción ou a un conxunto de accións

Con carácter xeral, as subvencións concedidas ao abeiro desta convocatoria son **compatibles** con outras axudas ou subvencións públicas, concedidas por administracións públicas distintas da propia Deputación de Ourense ou do seu organismo autónomo, o Inorde, para os mesmos gastos ou por entidades ou empresas privadas, sempre que o conxunto das ditas axudas non exceda do 100 % do gasto da actividade subvencionada.

Persoas beneficiarias

Titulares de explotacións agrícolas, gandeiras ou forestais profesionais e de **microempresas agroalimentarias** da provincia de Ourense que teñan o vaian a desenvolver experiencias agroturísticas na súa instalación ou explotación.

Microempresa: empresa que ocupa menos de 10 persoas e cuxo volume de negocios anual ou balance xeral non supera os 2 millóns de €.

Gastos subvencionables

Serán subvencionables os gastos que formen parte da actuación obxecto desta convocatoria. Os gastos non estarán iniciados antes do 1 de xaneiro de 2026.

Non serán subvencionables:

- Gastos de mantemento e xestión das empresas ou das súas instalacións.
- Gastos de persoal
- Impostos
- Xuros, recargas e sancións

Porcentaxe e contía máxima da axuda

A contía da subvención poderá acadar como máximo o **80%** do custo total do proxecto, sendo o importe máximo por beneficiario de **5.000 €**.

O importe total do proxecto non poderá ser superior a seis mil douscentos cincuenta **(6.250,00) euros**.

Criterios de selección

Para a concesión das subvencións, así como para a fixación da súa contía, a comisión de valoración terá en conta:

Criterio	Puntuación máxima
Mayor orzamento da actuación	40 puntos
Empresa ou explotación situada nun concello de menos de 2.000 habitantes	5 puntos
Empresa ou explotación cun certificado de calidade turística ou distinguida no Sicted	5 puntos

Prazo de xustificación

O prazo para xustificar a subvención rematará o **30 de novembro de 2026**.

Presentación de solicitudes

O prazo de presentación das **solicitudes rematará o 16 de abril de 2026**.